

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 08 DE AGOSTO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00038513L.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria-urxente de data 29 de xullo de 2022.
- Ordinaria de data 1 de agosto de 2022.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00035077X.

Aprobación do expediente “Subministración do software GIS “ELA Small Government ESRI”.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación da *subministración da licenza do software GIS “ELA Small Government ESRI” para o Concello de Santiago de Compostela*.

Segundo: Abrir o procedemento de adxudicación negociado sen publicidade por exclusividade.

Terceiro: Autorizar un gasto total por importe de 115.390,44 € (base imponible de 95.364,00 € e IVE do 21% por importe de 20.026,44 €), que se imputa á aplicación 030 92001 2279902

Informáticas, outros traballos realizados por outras empresas, coa seguinte desagregación:

ANUALIDADES

2022: 12.821,16 €

2023: 38.463,48 €

2024: 38.463,48 €

2025: 25.642,32 €

TOTAL: 115.390,44 €

No caso de traballos de carácter plurianual, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, o gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

3. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00037111C.

Acordo de levantamentos de reparo de competencia plenaria, de crédito extraordinario 2022-CREXT-13, de importe 110.398,49 euros, para habilitar crédito e aprobar a imputación ao orzamento da totalidade dos pagos domiciliados do ano 2021, financiado co RLTGX 2021.

Acórdase:

PRIMEIRO: Levantamentos dos reparos suspensivos de data 11.06.2021, que afectan a gastos efectivamente realizados no ano 2021 (segundo se acredita no informe do responsable do parque móbil que se achega neste expediente) e que constan pagados mediante o sistema de adeudo directo nas contas bancarias de titularidade municipal por un importe de 110.398,49 euros.

SEGUNDO: Dispor de CENTO DEZ MIL DOUSCENTOS NOVENTA EUROS, CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (110.290,79 EUROS) do saldo reservado na actualidade do RLTGX 2021 por importe de UN MILLÓN OITOCENTOS DEZASEIS MIL OITOCENTOS CORENTA E

CATRO EUROS, CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (1.816.844,39 EUROS) cuxo acordo se tomou ao abeiro do expediente 2022-CREXT-03 para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes, importe que xa foi minorado con motivo da aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-07 nun importe de 1.362.427,86 euros, pola aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-11 nun importe de 603.436,46 euros e pola proposta de acordo plenario de crédito extraordinario 2022-CREXT-12 de importe 154.438,32 euros.

TERCEIRO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-13 para atender a totalidade dos pagos efectuados mediante adeudo directo nas contas bancarias de titularidade municipal durante o ano 2021 que teñen a súa correspondencia co gasto en peaxes, carburantes e aditivos dos vehículos do parque móbil do concello de Santiago de Compostela e que non se encontran imputados ao orzamento municipal, por importe de CENTO DEZ MIL TRESCENTOS NOVENTA E OITO EUROS, CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (110.398,49 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

CUARTO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-13 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

QUINTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-13, se contra el non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

SEXTO: Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-13 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

SÉTIMO: Aprobar a imputación ao orzamento actual na aplicación orzamentaria cuxa habilitación se propón no apartado segundo a totalidade dos pagos efectuados mediante adeudo directo nas contas bancarias de titularidade municipal producidas no ano 2021.

OITAVO: Condicionar a eficacia do punto anterior á toma de acordo favorable formulado no apartado primeiro e á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2022-CREXT-13.

NOVENO: Actualizar o importe da reserva dunha parte do saldo actual do RLTXG 2021 para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes determinándose en UN MILLÓN SETECENTOS SEIS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E TRES EUROS, CON SESENTA CÉNTIMOS (1.706.553,60 EUROS).

4. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00025967P.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela de data 04/08/2022 pola contía de 10.000 € para o financiamento do “Programa de Atención Bucodental a Persoas en Risco de Exclusión Social”.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela de data 04/08/2022 pola contía de 10.000 € para o financiamento do “Programa de Atención Bucodental a Persoas en Risco de Exclusión Social”.

5. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00017525F.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o

Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de data 18/07/2022.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de data 18/07/2022 pola contía de 2.000 € para o financiamento do Programa: “*Servizo de quenda de letrados/as en Dereito Administrativo e Laboral para prestar asistencia e asesoramento xurídico na vía previa administrativa e laboral*”

6. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00038090X.

Dar conta da sentenza recaída na apelación AP 4029/2022 do PO 376/2020 CA1.

Dase conta da sentenza do TSX de Galicia nº 169/2022, do 8.04.2022, pola que se estima o recurso de apelación interposto por este Concello e se revoca a sentenza do XCA nº 1 desta cidade, de data 22.10.2021 (testemuño de firmeza remitido por dilixencia de ordenación do 26.07.2022). Procedemento: Procedemento Ordinario 376/2020; Recurso de Apelación 4029/2022

Obxecto: Decreto da Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade de data 6.07.2020, polo que se declara ilegal e ilegalizable a vivenda de uso turístico no inmovible situado na rúa Calderería nº 6 e se ordena o peche baixo apercibimento de execución forzosa.

A sentenza é FAVORBALE aos intereses municipais, ao estimar o recurso de apelación interposto polo Concello contra a sentenza de instancia.

A Sala do TSX asume as argumentacións esgrimidas pola defensa municipal ao contestar á demanda na primeira instancia e reiteradas na apelación. Estes fundamentos non viñan recollidos na motivación do acto administrativo recorrido, pois no momento de ditarse este, a modificación puntual do PE-1, para regular os aloxamentos temporais, non se atopaba parcialmente anulada.

Ao respecto cómpre salientar que o TSX marca unha clara distinción entre as habilitacións autonómicas e municipais para o exercicio desta actividade. **Deste xeito, a declaración responsable autonómica prevista no Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia, non é suficiente para a apertura dun piso turístico, sendo preciso ademais,** a correspondente autorización municipal en forma de comunicación previa.

Ademais, a sentenza contén un pronunciamento da máxima relevancia, ao considerar que o uso turístico non pode asimilarse ao uso de vivenda, senón ao uso hoteleiro, polo que xa dende a aprobación do PE-1 (24.03.1997), o dito uso era incompatible co de vivenda, agás en edificación exclusiva.

A sentenza é firme, polo que non é susceptible de recurso.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Urbanismo para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022).

7. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00038513L.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 29 de xullo ao 4 de agosto de 2022.

URXENCIAS

8. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00023624B

Acórdase conceder o Premio Exeria de proxectos de creación literaria a Ana Cabaleiro López á vista da acta do xurado celebrada o 18 de xullo de 2022, e proceder ao pago anticipado do importe do premio por valor de 3.000 euros.

9. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: S/2022/153

Acórdase:

- 1- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
- 2- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL SEISCENTOS DOCE EUROS CON TRES CÉNTIMOS (13.612,03 €), segundo relación contable de facturas S/2022/153 que comezan pola número F/2022/120716 por importe de 254,23 euros emitida por Naturgy Iberia, SA e remata pola número F/2022/2616 por un importe de 1.340,00 euros emitida por Naturgy Iberia, SA.
- 3- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

10. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: S/2022/135

Acórdase:

- 1- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
- 2- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL SEISCENTOS DOCE EUROS CON TRES CÉNTIMOS (13.612,03 €), segundo relación contable de facturas S/2022/153 que comezan pola número F/2022/120716 por importe de 254,23 euros, emitida por Naturgy Iberia, SA e remata pola número F/2022/2616 por un importe de 1.340,00 euros, emitida por Naturgy Iberia, SA.
- 3- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: S/2022/161

Acórdase:

- 1- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
- 2- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITOCENTOS VINTE E SEIS EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (826,99 €), segundo relación contable S/2022/161 que comeza pola factura número F/2022/2221 por importe de 206,80 euros, emitida pola empresa ZARDOYA OTIS, SA, e remata pola número F/2022/2371 por importe de 268,39 euros, emitida pola empresa ASCENSORES ENOR, SL.
- 3- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

12. SERVICIOS BÁSICOS. OFI S/2022/158 URBASER MARZO

Acórdase:

Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados do canon pola xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria correspondente ao mes de MARZO do ano 2022.

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de 662.669,04 euros, correspondentes á factura F/2022/1476.

3. Importe total da prestación realizada: 662.669,04 euros, que se imputarán ás aplicacións orzamentarias:

- 304.098,82 euros á aplicación 2022 020 16210 2270000
- 358.570,22 euros á aplicación 2022 020 16210 2270800

13. SERVICIOS BÁSICOS. OFI S/22/158 URBASER ABRIL

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados do canon pola xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria correspondente ao mes de ABRIL do ano 2022.

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de 662.669,04 euros, correspondentes á factura F/2022/1938.

3. Importe total da prestación realizada: 662.669,04 euros, que se imputarán ás

aplicacións orzamentarias:

- 304.098,82 euros á aplicación 2022 020 16210 2270000
- 358.570,22 euros á aplicación 2022 020 16210 2270800